

GROUP 1

Composición da Xunta de delegados de alumnos e reunións.

A Xunta de Delegados está integrada polos representantes dos alumnos e alumnas dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos no Consello Escolar.

Está presidida por un dos seus membros (elixido entre os seus compoñentes), que é quen convoca e coordina as reunións. Debe responsabilizarse de levantar acta das mesmas e de facer chegar as propostas ós distintos órganos de goberno do centro..

A xunta de delegados poderá reunirse (en pleno ou en comisións que reúnan os delegados dun curso ou dunha das etapas educativas), logo do coñecemento do director ou directora e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

GROUP 2

Elección dos delegados de curso

- 1. Durante o primeiro mes do curso escolar, cada grupo de alumnos elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados. Elixirase tamén un subdelegado, que substituirá o delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións.**
- 2. As eleccións de delegados e subdelegados (así como a do delegado que presidirá a xunta de delegados) serán convocadas polo xefe ou xefa de estudos, e organizadas por este en colaboración cos titores.**
- 3. A designación dos delegados, subdelegados e delegado presidente da xunta de delegados poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ó titor ou titora, pola maioría absoluta dos alumnos do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase a convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días.**

GROUP 3

A xunta de delegados terá as seguintes funcións:

- a) **Informar ós representantes do alumnado no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.**
- b) **Informar ós alumnos e alumnas do centro das actividades da Xunta de Delegados.**
- c) **Elaborar informes para o Consello Escolar. Debate-los asuntos que vaia trata-lo Consello Escolar e elevar propostas.**
- d) **Elevar propostas ó equipo directivo para a elaboración do proxecto educativo do instituto, de modificación do regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia. para a elaboración dos horarios e para a organización de actividades complementarias e extraescolares.**
- e) **Recibir información dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís.**

GROUP 4

Cando o solicite, **a Xunta de Delegados deberá ser oída** polos órganos de goberno do instituto, especialmente, no que se refire a:

- a) **Celebración de probas e exames.**
- b) **Actividades culturais e deportivas no instituto.**
- c) **Reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do profesorado.**
- d) **Reclamacións sobre a avaliación correcta e obxectiva dos alumnos e alumnas.**
- e) **Proposta de sancións ós alumnos e alumnas que leven aparelado un expediente.**
- f) **Libros e material didáctico obrigatorio.**
- g) **Outras actuacións e decisións que afecten de modo específico ós alumnos e alumnas.**

GROUP 5

Responsabilidades e dereitos dos delegados de grupo

1. Corresponde ós **delegados de grupo**:

- a) **Asistir ás reunións da xunta de delegados.**
- b) **Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo** ó que representan.
- c) **Fomenta-la convivencia** entre os alumnos e alumnas do seu grupo.
- d) **Colaborar cos profesores e profesoras e co equipo directivo** do instituto para o seu bo funcionamento.
- e) **Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións** do instituto.

2. **Os delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros** dos alumnos e alumnas.

3. **O xefe ou xefa de estudos facilitará á xunta de delegados un espazo adecuado para que poida celebra-las súas reunións.**